

JESÚS AMADOR VALDÉS DÍAZ DE VILLEGAS_(jesus.valdes@ibero.mx)_Dpto. de Estudos Empresariais da Universidade Iberoamericana, México

Relendo a teoría económica de Marx: un concepto posmarxista do diñeiro

Releyendo la teoría económica de Marx: un
concepto posmarxista del dinero

*Rereading Marx's Economic Theory: a Post-Marxist
Concept of Money*

&Resumo: Os procesos especulativos xerados cara o interior das economías industrializadas, principalmente a economía dos Estados Unidos, e o estalido da crise financeira do 2008, é unha mostra concreta da necesidade de analizar as causas que son xeradoras da irracionalidade especulativa no mundo monetario financeiro. A crise amosa que existen formulacións teóricas que foron superadas e o FMI, chamou á investigación e mecanismo que axuden a formular políticas económicas que dean a posibilidade de maior estabilidade. Polo tanto o obxecto do noso estudo é explicar conceptualmente o diñeiro actualmente co uso da metodoloxía de Marx, de tal forma que se poida contribuir a un maior control dos procesos especulativos no mundo financeiro, reducindo os efectos que estes grandes desequilibrios chamados crises financeiras provocaron sobre o benestar.

&Palabras claves: valor, diñeiro, circulante, inflación, interese, tipo de cambio.

&Abstract: Speculative processes generated into industrialized economies, mainly the U.S. economy, and the outbreak of the crisis in the financial crisis of 2008, is a concrete example of the need to analyze the causes which generate speculative irrationality financial and monetary world. The crisis shows that there are theoretical approaches that have been overcome and the IMF, has called mechanism research and help formulate economic policies that give the possibility of greater stability. Thus the object of our study is to explain conceptually the money currently using Marx's methodology, so as to contribute more speculative process control in the financial world, reducing the effects that these great crises calling imbalances have caused financial welfare.

&Keywords: value, money, current, inflation, interest, exchange rate

I. INTRODUCCIÓN

Un dos problemas de interese permanente na teoría económica ten que ver co diñeiro e a política monetaria, importancia determinada en parte pola posición que isto ocupa, hoxe, na coordinación de políticas, como resultado do proceso de globalización e o que se coñece como estabilidade macroeconómica.

A globalización trouxo consigo un gran desenvolvemento da industria financeira e os fluxos de capital a nivel internacional condicionaron unha alta complexización das relacións económicas entre países. Convertíndose este fenómeno económico financeiro nun dos elementos máis importantes para o funcionamento das economías subdesenvolvidas e en particular as emerxentes polas fallas estruturais que existen cara o interior das mesmas. Comprender a súa natureza, segue a ser unha necesidade para a explicación de varios procesos e fenómenos do mundo actual.

A exteriorización da contradición interna da mercadoría, na obra de Marx, é o punto metodolóxico, que conduce ao estudo das formas do valor de cambio: forma relativa e forma equivalencial. Formas contraditorias en si mesmas, que no seu desenvolvemento lóxico histórico, fundamentan o xurdimento do diñeiro e a súa definición. O diñeiro na teoría de Marx é considerado, como o resultado dun proceso de evolución e desenvolvemento dunha relación social dunha produción específica e constitúe unha mercadoría cun valor de uso especial: servir de equivalente a todas as demais mercadorías.

A análise do capítulo I do Tomo I de “El Capital”, ofrece unha definición clara de catro etapas lóxicas históricas, que están asociadas ao desenvolvemento da produción social e á profundización da División Social do Traballo. Estas etapas ofrecen unha explicación histórica do xurdimento do diñeiro.

Conceptualmente, durante a época de Marx e con posterioridade a el, o diñeiro é igual ao ouro. Pero a literatura neomarxista fai pensar que a evolución do diñeiro se detivo no que se denominou —dentro do método histórico materialista—, de análise da economía: forma diñeiro. Esta interpretación que pode considerarse como unha forma dogmática e apartada do propio método de Marx, é unha das grandes limitacións neomarxistas, para poder proxectar o concepto do diñeiro nas novas condicións e fundamentar moito dos novos fenómenos e procesos que ocorren na actividade monetaria financeira.

O estudo do diñeiro dentro dun enfoque posmarxista, permite presentar unha visión alternativa de interese tanto para analizar a actividade económica financeira doméstica, ter unha visión máis clara dos factores que provocaron nun momento histórico determinado o esgotamento dos sistemas financeiros, amosar as causas xeradoras de frecuentes crises financeiras no sistema internacional e dos grandes desequilibrios macroeconómicos que vive unha inmensa cantidade de países dentro do sistema.

Desde o punto de vista histórico a observación evolutiva dos sistemas monetarios domésticos e internacionais e o desenvolvemento histórico dos mesmos, amosan a importancia e significado do estudo do diñeiro. O paso do sistema Patrón Ouro, ao sistema monetario entre guerras, ao sistema monetario Bretton Woods e por último ao réxime de tipos cambios flotantes, son unha confirmación do xurdimento doutras etapas do desenvolvemento das formas do valor de cambio, determinadas polo desenvolvemento da produción material baixo a súa forma de organización mercantil e unha confirmación da complexidade do proceso de cousificación das relacións sociais de produción ou o que tamén se denomina fetichismo mercantil.

A análise do patrón, pola súa definición, estrutura e funcionamento está estreitamente relacionado co concepto de diñeiro que se ofrece na teoría de Marx: o concepto de

mercadoría diñeiro. O patrón ouro foi o sistema monetario financeiro internacional, que existiu entre 1870-1914 e nel pódese observar a existencia dunha certa coincidencia no seu funcionamento, coa forma teórica dada por C. Marx ao explicar o diñeiro como o resultado evolutivo das relacións sociais de produción, tese fundamentada no estudo da evolución da formas relativa e equivalencial do valor de cambio a nivel de sistema.

Pola súa parte, o Sistema Bretón Woods amosa historicamente o desenvolvemento dunha nova etapa de evolución da forma diñeiro en si mesma, onde só queda unha moeda vehicular a nivel mundial equivalente a 35USD = 1 onzas de ouro. Pero este sistema tamén trouxo consigo un nivel superior de fetichización, ao establecer as demais divisas unha equivalencia fixa con relación ao dólar estadounidense e non co ouro directamente¹. Non é casual, polo tanto, que o proceso de finiquito deste sistema como resultado dos cambios que se producían no contexto internacional, xerara nun inicio un proceso de anarquía internacional no funcionamento da actividade monetaria nas grandes potencias, cuxas decisións a longo prazo redundaron noutros problemas de alta complexidade no mundo económico financeiro internacional como o constituiu a chamada crise da débeda externa.

A base da evolución e desenvolvemento das relacións sociais de produción capitalista, conduciron á profundización do alleamento monetario, materializado en complexos procesos especulativos a nivel doméstico e internacional que provocaron profundas crises de carácter financeiro e que expresan a necesidade de restablecer os equilibrios ante conceptos imaxinarios que se apartan da realidade. A especulación como unha forma irracional de obtención de utilidades snunha xeración real de valor no mundo material, converteuse na práctica nunha regularidade no funcionamento dos mercados na globalización, que en determinados momentos rebasa os marcos xurídicos institucionais onde se desenvolven os mercados, ao erixirse nun factor que contrarresta os efectos da tendencia decrecente das cotas de ganancias nas grandes economías globais.

O proceso de evolución e desenvolvemento das relacións sociais de produción capitalistas, conducen a preguntas de interese teórico-práctico. Deixou de ser o diñeiro unha mercadoría? Como definir o diñeiro no mundo moderno? Non obstante, o ouro segue a ser unha reserva monetaria de importancia e en épocas marcadas polas profundas crises financeiras onde a incerteza se erixe como un comportamento na procura de certa racionalidade, converteuse no commodity² refuxio por excelencia (Valdés; J: 2009, p. 65).

Analizar e estudar o diñeiro desde unha postura posmarxista, é de interese teórico—práctico por:

1. A inflación todas as escolas consideran que é un problema puramente monetario. Entón acadar unha comprensión do diñeiro é buscar unha acción de solución non só a curto prazo, senón tamén a longo prazo, nos establecementos escenarios de inestabilidade macroeconómica. A importancia radica en que a inflación é un problema que afecta aos individuos no seu benestar.
2. Afondar no coñecemento do diñeiro mellorará o deseño de políticas económicas públicas, aspecto que pode propiciar un mellor ámbito para o crecemento da empresa en particular e da economía nacional no xeral.

A hipótese fundamental do traballo sustenta que o diñeiro segue a ser o resultado dunha evolución das formas do valor. O diñeiro en si mesmo non deixou de ser mercadoría e a incompreensión do concepto pola complexidade do proceso de fetichización das relacións sociais de produción capitalista, foi un obstáculo para o deseño de políticas económicas

racionalis e estruturadas que minimicen os efectos negativos das crises na época da globalización.

A importancia do tema na orde teórico-práctica, polo seu significado para o establecemento de políticas económicas, determina en si mesmo o obxecto de estudo deste traballo: explicar conceptualmente o diñeiro actualmente co uso da metodoloxía de Marx, de tal forma que se poida contribuir con ideas que dean un maior control dos procesos especulativos no mundo financeiro, reducindo os efectos que estes grandes procesos de recomposición violenta dos equilibrios, chamados crises financeiras provocaron sobre o benestar. Polo tanto, pártese dos enfoques actuais sobre o diñeiro, para poder volver ao concepto de diñeiro dado por Marx e sobre esta base construír o concepto posmarxista que permita unha interpretación alternativa neste contexto teórico conceptual.

Pola amplitude do tema establecéronse neste traballo tres direccións fundamentais de análise: a primeira ten que ver co concepto do diñeiro, as formulacións desenvolvidas polas escolas tradicionais actuais e unha proposta teórica sobre a definición contextualizada do diñeiro co emprego da metodoloxía utilizada por Marx; a segunda parte ten que ver cos tipos de interese e o crédito, pola relación directa ao concepto do diñeiro e a importancia que ten na definición de políticas económicas e o comportamento do ciclo económico e, por último, realízase unha análise do tipo de cambio pola súa incidencia na estabilidade macroeconómica e na dinámica do sector externo das economías.

O estudo cuantitativo reducímolo, pola propia finalidade que busca o traballo, ás variables PIB de México e Estados Unidos, M_2 dos Estados Unidos e a taxa de interese de equilibrio da economía mexicana. A utilización do PIB e de M_2 dos Estados Unidos, respondeu ás condicións de ser a maior economía do mundo cunha participación do 25% no PIB mundial; mentres os datos da economía mexicana serven de base de comparación na análise dos tipos de interese e os tipos de cambio.

O interese fundamental do estudo é incentivar o desenvolvemento de actividades investigadas nesta dirección, pola necesidade ante os novos retos que situou a crise económica iniciada no 2007 ante a xeneralización e *bursatilización* dos chamados créditos subprime e a ineficacia das políticas económicas para evitar os desastres ocorridos cara o interior de moitas economías que inflúen no comportamento das tendencias da economía mundial.

II. DEFINICIÓNS ACTUAIS DO DIÑEIRO

Na teoría económica pódense atopar diversas definicións de diñeiro. Paul Samuelson e William D Nordhaus, no seu libro "Economía" definen o diñeiro, como todo aquilo que constitúe medio de pago (Samuelson; 1993, p. 601). Este autor acepta que nun principio o diñeiro constituíu unha mercadoría, pero na súa evolución transfórmase en papel diñeiro e contas correntes, que constitúen instrumentos que son aceptados como medios de pago para a compra de bens e servizos. Este concepto é compartido por case todos os teóricos modernos, incluíndo a P. Krugman e a Dornbusch e Fisher, que no libro "Macroeconomía", aceptan a definición de Samuelson e engaden que o diñeiro tñunha función central de servir de determinante do ingreso e o emprego (Dornbusch; 2008, p. 220).

O diñeiro como determinante do ingreso e do emprego é unha tese que estivo presente en todo o pensamento económico clásico desde a aparición do segundo tomo de "El Capital", onde se estudan los modelos de produción e realización do capital social e a teoría keynesiana, que se considera como a base da teoría macroeconómica moderna. Tanto Marx como Keynes consideraron que é imposible levar a cabo un proceso de reprodución ampliada

(ou o que Keynes denomina efecto multiplicativo do investimento), sen que se produza un proceso de adianto de diñeiro á circulación para a adquisición dos factores necesarios para a creación de bens e servizos³.

Para Samuelson e William D. Nordhaus, P. Krugman, Dornbusch, Fisher e seguidores, o diñeiro cumpre, polo tanto, tres funcións:

- Medio de pago.
- Depósito de valor.
- Unidade de conta.

Teoricamente, a explicación da evolución do diñeiro considera a definición do diñeiro, mercadoría axustada a un momento histórico onde o medio de pago era un ben e, en particular, este ben era fundamentalmente un metal prezoso como o ouro, a prata ou o cobre (Krugman; 2007, p. 323). Neste caso estanse considerando dous valores de uso dos metais prezosos: o primeiro como medio de pago; o segundo como cousas que van satisfacer outras necesidades humanas.

O interesante na teoría económica moderna é que o papel moeda como representante legal do diñeiro explicábase como “diñeiro signo respaldado como mercadoría”, é dicir, un medio de pago que tiña un valor, que se garantía co compromiso de que os bancos emisores podían cambialo por ouro en calquera momento (Krugman; 2007, p. 323). Aspecto que se sitúa como diferenza fundamental co diñeiro na actualidade, de acordo á teoría moderna. Dous aspectos son necesarios ter presentes nesta definición:

- Pártese dunha posición metodolóxica onde o mercado é considerado como un feito a-histórico. Por conseguinte o valor de uso, como propiedade da mercadoría, analízase á marxe da categoría valor e considérase como unha categoría a-histórica, é dicir, non se comprende que o valor de uso é como forma propia de manifestación do valor e parte intrínseca das relacións sociais de produción, o que o converte tamén nunha propiedade historicamente determinada.
- Non se explica a necesidade do xurdimento do diñeiro, nin a súa evolución histórica, a cal só se institúe como resultado dunha análise empírica e sen conexión, o que non permite ver aspectos de interese na formulación das políticas públicas para a procura de estabilidade macroeconómica.

Sustentado nos aspectos teóricos ofrecidos pola teoría moderna, o Fondo Monetario Internacional describe o ouro como un activo financeiro⁴ para o que non existen pasivos financeiros correspondentes. O ouro monetario é só o que está en poder do banco central ou o goberno (ou doutras entidades suxeitas ao control efectivo do banco central ou o goberno) e forma parte das reservas oficiais. A tenzas de ouro que non forman parte das reservas oficiais clasifícanse como activos non financeiros (FMI; 2001; p. 24).

No “Manual de Estatísticas Monetarias e Financeiras” elaborado polo FMI, o diñeiro en sentido amplo, conforma a súa definición sobre a base de catro funcións básicas, nas cales ademais das citadas con anterioridade se inclúe o *patrón para pagos diferidos*, cuxa definición non é máis que un medio de vincular valores actuais e futuros en contratos financeiros (FMI; 2001; p. 55). Esta definición é elaborada para satisfacer a necesidade de avaliar o grao de monetización da variedade de activos financeiros, centrándose na capacidade de cada clase de activo financeiro para proporcionar *liquidez*⁵ e servir como depósito de valor (FMI; 2001; p. 55).

De acordo coa liquidez do activo clasifícanse en varios tipos:

1. *Billetes e monedas e os depósitos transferibles*. Eles constitúen activo financeiro máis líquido e empréganse como medio directo de pago.

2. *Outros depósitos e os valores distintos de accións.* A partida doutros depósitos abrangue todas as clases de depósitos non transferibles: depósitos a prazo; depósitos de aforro; depósitos denominados en moeda estranxeira; depósitos á vista que non poden usarse directamente para pagos a terceiros; participacións de capital ou outros comprobantes de depósito emitidos por asociacións de aforro e préstamo, sociedades hipotecarias, cooperativas de crédito, etc., e outras clases de depósitos (FMI; 2001; p. 57).

Estes conceptos sustentan a definición de base monetaria, a cal é considerada como os pasivos do banco central que sustentan a expansión do diñeiro en sentido amplo e do crédito. Tamén pode chamárselle á base monetaria (BM), *diñeiro de alta potencia*, dado que as súas variacións xeralmente dan lugar a incrementos máis grandes do diñeiro e do crédito (FMI; 2001; p. 60). O propio manual aclara que a base monetaria non pode considerarse como un agregado monetario, produto que é unha unidade de medida de diñeiro primario, que constitúe a base dos agregados monetarios. Por conseguinte, o concepto de base monetaria como unidade de medida determina os billetes e moedas emitidos polo banco central que forman parte dos agregados monetarios, as tenzas de depósitos das outras sociedades de depósito no banco central e as súas tenzas de moeda nacional (FMI; 2001; p. 60).

Os conceptos reflicten a complexidade das relacións financeiras e polo tanto a dimensión en épocas da globalización do concepto de diñeiro e o seu nivel de fetichización. O proceso de profundización e complicación das relacións sociais de produción capitalistas como resultado do seu desenvolvemento nas súas formas crean a aparencia de que o diñeiro deixou de ser unha mercadoría e que se produciu un paso onde a posición do diñeiro é ocupada polo papel moeda e o que se coñece como diñeiro electrónico, tal e como pode apreciarse nunha lectura das flutuacións diarias que aparece en calquera diario.

Non obstante estes estudos, sen lugar a dúbidas, contribuíron ao establecemento dos compoñentes monetarios. Se ben na práctica monetaria dos países, podemos atopar varios compoñentes, no caso particular de México, BANXICO sitúa como agregados:

- M_1 = O agregado monetario M_1 está composto polos billetes e moedas en poder do público, as contas de cheques en poder de residentes do país e os depósitos en conta corrente. Os billetes e moedas en poder do público obtéñense ao excluir a caixa dos bancos do total de billetes e moedas en circulación.
- M_2 = O agregado monetario M_2 inclúe a M_1 , a captación bancaria de residentes, os valores públicos e privados en poder de residentes e os fondos para o retiro.
- M_3 = M_3 inclúe a M_2 , a captación bancaria de residentes do exterior e os valores públicos en poder de residentes do exterior.
- M_4 = O agregado monetario M_4 inclúe, ademais de M_3 , a captación das sucursais e axencias de bancos mexicanos no exterior provenientes de residentes no exterior e de nacionais (BANXICO; Glosarios).

Para os efectos deste estudo, empregaremos dous agregados: M_1 y M_2 . De acordo á definición de base monetaria obtido do manual do FMI, son estes compoñentes determinados pola base monetaria. Tecnicamente pódese afirmar de acordo aos conceptos empregados polo FMI que:

$$M_1 + M_2 = f(\text{BM})$$

A suma dos dous compoñentes, polo tanto, podestablecerse na seguinte identidade:


$$\text{BM} \geq M_1 + M_2$$

Considerando que a base monetaria ou diñeiro primario, é a base a partir da cal os bancos comerciais poden crear diñeiro bancario e influir sobre o medio circulante e está composta

polo numerario en poder do público máis as reservas bancarias. Como é posible establecer unha interpretación correcta da mesma se o diñeiro se define como papel diñeiro e contas correntes? Esta interrogante é un problema non resolto teoricamente, que sitúa nun plano importante á especulación como factor determinante nos mercados financeiros, dado que non se indica como se construiu esta medida nun marco económico determinado.

III. A EVOLUCIÓN DAS FORMAS DO VALOR DE CAMBIO E O CONCEPTO DO DIÑEIRO

Para Marx o diñeiro, ten a súa aparición condicionado historicamente e amósase mediante o estudo, lóxico⁶ histórico das formas do valor de cambio: forma relativa e forma equivalencial do valor. Estas formas son a forma en que se produce unha exteriorización da contradición interna da mercadoría e do valor. A lóxica de exposición pode ser esquematizada como segue:



De acordó coa concepción marxista clásica, o desenvolvemento das forzas produtivas trae consigo un proceso de especialización a nivel social que é coñecido como división internacional do traballo, proceso sobre o cal descansa a aparición da propiedade privada sobre os medios de produción e un illamento relativo dos produtores. Estes procesos son a causa do xurdimento da organización mercantil da produción e da conversión histórica do produto do traballo en mercadoría.

A mercadoría contén en si mesma unha contradición, en canto ás súas propiedades e elas describen o sistema de contradicións da organización mercantil da produción. Pero tamén describen o proceso de cousificación das relacións sociais de produción ou o que sexa denominado dentro da teoría clásica de Marx, o fetichismo mercantil.

As formas relativas e equivalencial, polo tanto, se ben son formas de exteriorización da contradición interna da mercadoría, elas pasan por un proceso de evolución e desenvolvemento que describen desde as formas máis simples de intercambio ás máis complexas⁷, ata chegar á forma diñeiro. O diñeiro na teoría marxista defínese como unha mercadoría especial que ten monopolio específico dentro do mundo das mercadorías de ser o seu equivalente universal, papel que é asumido polo ouro (C. Marx; 1972, p. 35-36). É dicir estamos en presenza, dunha concepción teórica que deixa perfectamente situado historicamente a aparición do diñeiro.

É precisamente o feito de estar sustentada na teoría valor polo traballo, que polo tanto, nesta concepción teórica, estase admitindo a evolución do concepto asociado á propia

evolución da produción material, o que implica identificar entre as formas fetichistas ou alleadas da súa presentación coa evolución da esencia mesma. Aspecto non reflexionado polas teorías económicas modernas, xa sexa por razóns políticas e ideolóxicas como por razóns de marxinalización dos aspectos teóricos contidos na teoría de Marx pola súa incompreensión teórica ou as súas interpretacións dogmáticas e maniqueas.

A diferenza da teoría económica moderna e sustentado na súa teoría valor traballo, Marx define as seguintes funcións do diñeiro:

1. Medida de valor: que se deriva da propia definición do diñeiro como equivalente universal. Nesta función o diñeiro é a medida necesaria da medida inmanente do valor das mercadorías: o tempo de traballo necesario (C. Marx; 1972; p.56). Esta é unha definición diferente á función prezo do diñeiro, a cal o que fai é medir as cantidades de ouro, polo tanto é unha función que necesita fixar unha unidade de medida (C. Marx; 1972, p.99). Baseado nestas condicións é que o prezo se define como a expresión monetaria do valor das mercadorías.
2. Medio de circulación: é unha función asociada ao cambio mercantil, onde se presentan dous procesos de metamorfose: $M - D$, que expresa un proceso de venda e $D - M$, que expresa a antítese do proceso anterior ou proceso de compra. O diñeiro funciona como medio de circulación ao ser o valor substantivado das mercadorías, polo tanto o seu movemento como medio de circulación é simplemente un movemento formal das propias mercadorías (C. Marx; 1972, p. 75-76), onde o seu representante constitúe o diñeiro.
3. Medio de atesouramento: a interrupción do proceso de metamorfose cando o diñeiro cumpre a función como medio de circulación, o diñeiro atesóurase. Nesta función o atesouramento revela a posesión de riqueza.
4. Medio de pago: esta función xorde como unha necesidade da separación cronolóxica dos diferentes ciclos. Os pagos compénsanse uns con outros e o diñeiro funciona de maneira ideal como diñeiro aritmético ou medida de valor (C. Marx; 1972, p. 95).
5. Diñeiro mundial: función que se deriva cando as mercadorías saen da órbita dos mercados domésticos e estamos en presenza do comercio internacional.

A teoría do diñeiro de Marx parece ser unha explicación ao concepto do diñeiro mercadoría da teoría económica moderna; porén, a posición metodolóxica é diferente e non existe unha fundamentación histórica. O resultado explícase en fetichismo mercantil e en especial no proceso de alleamento das relacións sociais na forma diñeiro, onde como ben sinala Marx se encobre o carácter social dos traballos privados e polo tanto das relacións sociais de produción (C. Marx; 1972, p.41).

A análise do concepto do diñeiro na teoría económica moderna permite lembrar a Marx cando sinalou:

“Estas formas son precisamente as que constitúen as categorías da economía burguesa. Son formas mentais aceptadas pola sociedade, e polo tanto obxectivas, que expresan as condicións de produción deste réxime social de produción historicamente dado que é a produción de mercadorías. Por iso todo o misticismo do mundo das mercadorías se esfuma tan pronto como os desprazamos a outras formas de produción.” (C. Marx; 1972, p. 41).

Deste enfoque hai dúas teses de orde teórico-metodolóxica de interese e están contidas na definición das funcións do diñeiro e en particular da función de diñeiro como medio de circulación:

— A primeira está referida á masa de diñeiro en circulación. De acordo a Marx é:

$$M = (P*Q) / V$$

Esta ecuación segundo Marx expresa que dado o valor creado e dado o ritmo medio do diñeiro a masa de diñeiro en circulación está en función do propio valor (C. Marx; 1972, p.82). Un despexo a esta interpretación de Marx sitúanos na ecuación que amosa a teoría cuantitativa do diñeiro:

$$M*V = P*Q$$

— A segunda tese é a moeda como signo de valor e onde Marx a considera como resultado da necesidade de dissociar a lei real da lei nominal da moeda como resultado do desenvolvemento do intercambio mercantil. Esta dissociación xa ten implícita a posibilidade de acuñar como representantes do diñeiro outros materiais ou simples símbolos. Aspecto que provoca que o ouro como diñeiro se disocie da súa substancia de valor. Na vida económica o papel moeda é un signo do diñeiro e a súa relación co mundo das mercadorías consiste simplemente en que este expresa idealmente unha cantidade de ouro simbólica (C. Marx; 1972, p. 86).

Polo tanto para Marx a inflación é un fenómeno historicamente determinado e un problema monetario, que brota do propio proceso de alleamento monetario. O símbolo do diñeiro provoca o xurdimento dun diñeiro imaxinario e, con iso, os procesos de desequilibrios macroeconómicos que provocan a súa propia dinámica que as crises da economía real comecen a evidenciarse con máis forza, nun primeiro momento, dentro da actividade financeira das economías.

IV. O DIÑEIRO: UNHA DEFINIÇÃO POSMARXISTA

A complexidade das relacións sociais de produción impostas pola propia lóxica do desenvolvemento, como resultado da profundización da división do traballo a nivel internacional, trae consigo unha maior exacerbación alleante da propiedade privada a nivel doméstico e a nivel internacional e polo tanto un maior illamento económico relativo malia ser a produción un proceso cada vez máis social.

Isto significa que a exteriorización da contradición interna do valor faise máis complexa e prodúcese un efecto de maior dissociación entre o diñeiro propiamente dito e o seu representante legal. O ouro ao converterse nunha reserva monetaria é parte do diñeiro, pero o diñeiro constitúe un concepto máis amplo. Feito que queda marcado despois do proceso de derogación do modelo do sistema Bretton Woods, onde o dólar estadounidense converteuse en único representante legal do ouro a nivel mundial: 35 USD = 1 onza de ouro⁸.

Co esgotamiento do Sistema Bretton Woods e coa libre flotación das divisas internacionais é cando se pode afirmar que a sociedade dá paso á “forma diñeiro da produtividade social”. Unha análise a fondo permite afirmar que o equivalente universal das demais mercadorías é a propia produción material, o que polo tanto a converte nunha mercadoría en si mesma, cun valor de uso especial, servir de equivalente universal ás demais mercadorías: Diñeiro = PIB. Esta afirmación está presentada sobre a base dunha regresión simple empregando os datos dos Estados Unidos. Tómase de base unha serie datos de 30 observacións desde 1980 a 2009 e establécese o PIB constante como variable independente e o compoñente monetario M_2 como variable dependente. A función pode ser expresada como:

$$M_2 = f(\text{PIB}_{\text{prezos constantes}})$$

Análise de regresión xeral: M_2 versus PIB constante

Ecuación de regresión

$$M_2 = -3004.23 + 0.776411 \text{ PIB constante}$$

Coefficientes

Termo	Coef	EE do coef.	T	P
Constante	-3004.23	365.887	-8.2108	0.000
PIB constante	0.78	0.038	20.5326	0.000

Resumo do modelo

S = 500.386 R-cuad. = 93.77% R-cuad. (axustado) = 93.55%

PRESS = 8298342 R-cuad. (pred.) = 92.63%

Análise de varianza

Fonte	GL	SC	Sec.	SC Axust.	MC Axust.	F	P
Regresión	1	105560110	105560110	105560110	421.589	0	
PIB constante	1	105560110	105560110	105560110	421.589	0	
Error	28	7010824	7010824	250387			
Total	29	112570934					

Axustes e diagnósticos para observacións pouco comúns

EE de Residuo


Obs	M2	Axuste	axuste	Residuo	estándar	R
29	8257.5	7214.83	170.030	1042.67	2.21555	R
30	8544.4	6901.18	157.361	1643.22	3.45941	R

R denota unha observación cun residuo estandarizado grande.

Correlación de Pearson de M2 e PIB constante = 0.968 Valor P = 0.000

Os datos amosan un coeficiente de forte correlación entre as dúas variables, ao que cómpre engadir que o coeficiente de determinación R^2 , é dun 93.55%. Reafirmando a tese antes sinalada.

Gráfico 1



A conduta da gráfica de dispersión, reafirma unha correlación entre ambas as dúas variables. Porén na observación 29 e 30 ubica un residuo grande. Este resultado é a situación do comportamento de crise económica durante o 2008 e 2009. A crise comeza sendo un proceso totalmente financeiro durante a primeira metade do 2008 ata que os efectos se transmiten á economía real, como necesidade de restablecemento do equilibrio necesario, constituíndo o momento máis argüido o ano 2009. Neste momento dáse un proceso de desequilibrio entre a cantidade de circulante e o diñeiro en si mesmo, que se pon de manifesto no que evidencia o residuo estándar da regresión.

A análise da regresión permite afirmar que:

$$M = M(\text{PIB})$$

Onde de acordo á ecuación de regresión, o coeficiente indícanos que todo crecemento do PIB provocará un crecemento do circulante do 0.78/10 da masa de circulante no mercado. Polo tanto:

$$\Delta M / \Delta \text{PIB} = k_m$$

Onde:

K_m , é un multiplicador da masa de diñeiro en circulación

Seguindo, polo tanto, a continuidade do desenvolvemento das formas do valor na actualidade e apoiado no exercicio da estatística inferencial, pode afirmarse que o valor da produción material se allea no mesmo como resultado do desenvolvemento da produción. O diñeiro non deixa de ser un resultado da contradición exteriorizada da mercadoría, porén a súa esencia encóbrese nas mesmas redes do mecanismo económico e a súa complexidade, amosándose como un instrumento que lonxe de ser propio e inherente ás relacións sociais de produción, é só un facilitador do proceso de cambio mercantil. Tres aspectos xeran esta interpretación fetichizada:

1. Prodúcese unha suposta desconceptualización histórica do concepto do diñeiro e a identificación dos conceptos diñeiro e o seu representante legal, polo tanto faise unha negación da teoría do valor polo traballo, como fundamento teórico que amosa o xurdimento do diñeiro. O estudo do diñeiro, exclúe os cambios na produtividade do traballo e polo tanto subtrae da análise do diñeiro o concepto de eficiencia.
2. O anterior separa de maneira ficticia o monetario da economía real, pois o imaxinario sobrepasa o real, conducindo a unha exacerbación das fórmulas especulativas, que evidencian condutas irracionais por individuos, empresas e gobernos, erixíndose nuns dos factores fundamentais xeradores de crises estruturais na actualidade.
2. É unha xustificación ao emprego de políticas económicas públicas a curto prazo como única forma de xustificar a procura dos equilibrios macroeconómicos, os cales só están referidos aos excesos de circulantes e ás formas irracionais de endebedamento.

Resultado das deficiencias interpretativas do diñeiro, defínese o mercado de diñeiro como aquel en que concorren toda clase de oferentes e demandantes das diversas operacións de crédito e investimentos a curto prazo, tales como: descontos de documentos comerciais, pagarés a curto prazo, descontos de certificados de depósitos negociables, reportes, depósitos á vista, pagarés e aceptacións bancarias⁹ (definición.org). Definición que non fai referencia ao punto de equilibrio de canto valor se encerra. Polo tanto, o que fai o concepto en si, do mercado de diñeiro, é considerar a oferta e demanda do circulante monetario, sen consideralo como un reflexo metamorfoseado do comportamento das curvas de oferta e demanda do mercado de bens e servizos. O concepto de mercado de diñeiro estuda só un ángulo da estrutura monetaria dun país: o representante legal do diñeiro e non o diñeiro en

sí. Déixase de considerar que o diñeiro en si mesmo é un alleamento do valor do universo de mercadorías e polo tanto portador dunha relación social de produción.

George Soro, compartindo os conceptos clásicos, define o diñeiro como un medio para un fin, non un fin en si mesmo, polo tanto un valor de cambio, non un valor intrínseco. En tal sentido o valor do diñeiro queda en función do valor dos bens e servizos polos que poida cambiarse (Soro, G; 1999, p. 9). A afirmación é interesante aínda que o seu enfoque dáse desde o punto de vista teórico da valía subxectiva¹⁰, deixándose todo a un subxectivismo determinado pola frase “o que poida cambiarse”¹¹. O valor do diñeiro conceptualmente desde a súa propia definición como equivalente universal do valor das mercadorías creadas, non é máis que a sumatoria do universo dos valores das mercadorías que expresa o seu equivalente universal¹² nel. Isto pode constituir a razón que fundamenta a resposta ao que Soro chama unha pregunta non respostada satisfactoriamente: cales son os valores intrínsecos para os que as actividades económicas se supón que serven?

Ao constituir o diñeiro unha mercadoría, é contraditoria en si mesma e portadora dunha relación social de produción altamente desenvolvida, onde a cousificación da mesma é unha característica significativa. Esta relación social de produción concretada historicamente na categoría valor, evoluciona e desenvólvese en función da produtividade do traballo ou, o que é o mesmo, a eficiencia do traballo como valor de uso da mercadoría especial forza de traballo. Por conseguinte é positivo afirmar que a posesión do representante legal do diñeiro e facer por tratar de conseguilo fai del un sinónimo de poder, e o poder pode ser un fin en si mesmo. Aqueles que triunfan poden non saber que facer coa súa riqueza materializada en circulante, pero polo menos poden estar seguros de que outras persoas envexan o seu éxito. Isto pode ser suficiente para telas en marcha indefinidamente malia a ausencia de calquera outra motivación. Aqueles que seguen en marcha son os que rematan exercendo máis poder e influencia no sistema capitalista (Soro, G; 1999, p. 9). Esta é a forma concreta que sempre tivo o fetiche do diñeiro.

É este proceso de alleamento que brota do diñeiro, o que provoca una carreira desenfreada ante o afán do lucro, produto de que o éxito se mide polos resultados a curto prazo. Na necesidade de maximización dos seus beneficios, a racionalidade dá lugar á especulación.

V. O REPRESENTANTE LEGAL DO DIÑEIRO E A ESTABILIDADE MACROECONÓMICA

Identificando o M como o representante legal do diñeiro e non como o diñeiro en si mesmo e considerando que é acuñado con curso legal para a representación do diñeiro poderíamos formular que:

$$V*M = Pr*Q = PIB^{13}$$

Onde se descarta o valor pretérito contido nos medios de produción para evitar unha contabilización dobre, do valor xerado en procesos de produción anterior, nesta ecuación:

M, é o representante legal do diñeiro.

O que significa que:

$$V*M > Pr*Q = PIB$$

$$V*M < Pr*Q = PIB$$

Ecuacións que expresan exceso ou carencia de circulante e que ten como condición de medida a taxa de inflación —a cal pode diminuír ou aumentar-, amosando o comportamento ou fluctuacións da masa de circulante na economía, aínda que estas fluctuacións non significan a desaparición dun proceso inflacionario acumulado, que soamente pode ser explicado a

partir do capital constante como compoñente de valor pretérito na estrutura de valor da produción material¹⁴.

Consideramos π como taxa de inflación entón teremos que ela sería:

$$\pi = \frac{p_{(n+1)} - p_{(n)}}{p_{(n)}}$$

Onde: p ; é a variación de prezo no nivel da economía

n ; é período considerado.

Polo tanto podemos afirmar que:

$\Delta M = [p_{(n+1)} - p_{(n)}] * b(Pr*Q) = \pi * b(Pr*Q)$ O que significa que a variación da cantidade de circulante existente, ademais do valor da produción total a prezos constantes, está, tamén, en función da taxa de inflación ou proceso de elevación sostida dos prezos dos bens e servizos.

De acordo á tese formulada, se $(Ms/P)^{15} < M$, isto traería consigo unha distorsión do prezo sobre o valor real da produción material, fenómeno que se traduce como inflación, o cal fai razoable que a determinación da inflación se faga segundo $\pi = \frac{p_{(n+1)} - p_{(n)}}{p_{(n)}}$. Resulta entón que este problema estritamente do mecanismo de funcionamento, está intimamente relacionado coa estrutura económica. Máis que encarecer o nivel de vida da sociedade (efecto derivado) enmascara os verdadeiros aspectos que afectan ao crecemento da produción material.

Polo tanto, é posible comprender que ao allearse o valor da produción social no mesmo e estar expresado baixo o seu representante legal, o problema da inflación é polo tanto un problema de política monetaria e política industrial e non monetario en si mesmo; é dicir, convértese nun problema de desproporcionalidade provocado esoxenamente polos axentes que toman decisións na emisión do representante legal do diñeiro.

A análise da ecuación $P = PIB/Q$, indica que ao diminuír a cantidade de mercadorías producidas, o prezo só pode aumentar se se deteriora a capacidade produtiva manténdose constante a intensidade do traballo, efecto difícil de crer dado que ambos os dous son dous compoñentes da produtividade do traballo, que aumentan ao unísono a nivel social. Este efecto só pode provocarse se $Ms/P < M$, que dá a aparencia de incremento da intensidade do traballo manténdose constante a capacidade produtiva do traballo, provocando un desprazamento subxectivo da demanda sen que exista un crecemento suficiente da oferta e polo tanto a magnitude de valor creada é menor ao prezo, dado que $Ms/P < M$, dando unha aparencia de que $SA^{16} < Ms/P$.

Por conseguinte o que coñecemos actualmente como políticas monetarias, son políticas conxunturais para corrixir os desequilibrios entre a produción material e o representante legal do diñeiro —mal conceptualizado como diñeiro pola teoría moderna—, no que se está alleado o valor da produción material. Resulta entón máis factible elevar a produción material mantendo constante o nivel de circulante existente. Esta formulación suxire a necesidade dunha política industrial.

VI. O TIPO DE INTERESE

A definición do diñeiro como o valor da produción material alleado no propio universo de valores de usos creados e o capital como un valor que se valoriza a si mesmo. Cando se outorga capital diñeiro a outra persoa en forma de préstamo, estáselle cedendo o dereito da súa valorización e polo tanto terá que pagar polo valor de uso do mesmo ao seu propietario, fenómeno que chamamos interese e que non é outra cousa que a transferencia de parte da ganancia producida polo capital ao propietario do mesmo, pero pola súa forma preséntasenos como o pago que se lle fai ao propietario do capital por ceder o uso do mesmo, o capital diñeiro, pola súa forma, preséntasenos como unha mercadoría.

O capital diñeiro cedido a outra persoa por un propietario, xera a este último unha ganancia, pero preséntasenos como un prezo que recibe, é dicir un prezo que se paga polo uso do diñeiro, polo tanto o capital para o propietario é unha mercadoría. Polo tanto se o capital se converte nunha mercadoría para o seu propietario e o interese preséntasenos como o prezo da mercadoría capital diñeiro: faremos referencia á definición de interese real.

Se o valor da produción material é igual ao valor do diñeiro entón o interese é parte do valor xerado socialmente. Ao producirse un incremento da produción material, determinado por un cambio na produtividade do traballo, o interese diminuíría, o que significa que o interese terá un comportamento inversamente proporcional ao incremento da cantidade de diñeiro, é dicir:

$$M = f(\text{PIB})$$

Considerando que:

$$i = i(M^{-1})$$

Polo tanto:

$$i = i(\text{PIB})^{-1}$$

Polo tanto o interese é inversamente proporcional ao nivel de eficiencia da economía. Considerando o nivel de eficiencia da produción como a forma de valorización do capital variable (p'/v) e vemos que ela se allea na cota de ganancia $p' / [(c/v) + 1]$, entón o interese será inversamente proporcional á cota de ganancia, razón que permite explicar, como a maiores niveis de eficiencia, se produce unha diminución das taxas de interese, facilitando o incremento dos investimentos produtivos. Esta tese é de importancia ao considerarse que a taxa de interese é un obxectivo operacional para os bancos centrais, cuxa taxa de interese é seguida de facto polos bancos comerciais.

Análise de regresión xeral: LN(r) versus LN (PIB) mex

Ecuación de regresión

$$\text{LN}(r) = 39.1268 - 4.61824 \text{ LN (PIB) mex}$$

Coefficientes

EE do

Termo	Coef	coef.	T	P
Constante	39.1268	4.77787	8.18918	0.000
LN (PIB) mex	-4.6182	0.53359	-8.65498	0.000

Resumo do modelo

$$S = 0.313815 \text{ R-cad.} = 82.40\% \quad \text{R-cad. (axustado)} = 81.30\%$$

$$\text{PRESS} = 1.90389 \text{ R-cad. (pred.)} = 78.73\%$$

Análise de varianza

Fonte	GL	SC	Sec.	SC Axust.	MC Axust.	F	P
Regresión	1	7.37698	7.37698	7.37698	74.9087		
LN (PIB) mex	1	7.37698	7.37698	7.37698	74.9087		
Erro	16	1.57567	1.57567	0.09848			
Total	17	8.95265					

Axustes e diagnósticos para observacións pouco comúns

Residuo


Obs	LN(r)	Axuste	EE de axuste	Residuo	estándar
9	-2.80181	-2.11562	0.0749547	-0.686195	-2.25180 R

R denota unha observación cun residuo estandarizado grande.

A observación 9 corresponde ao ano 2003, neste ano México amosaba que a recuperación no seguiu a traxectoria agardada. O PIB real creceu en 1.34%, evidenciando unha falta de dinamismo motivada por unha falta de estímulo na recuperación dos Estados Unidos, que inhibía o crecemento das exportacións manufactureiras do país, e ao mesmo tempo non se verificaba unha significativa recuperación do consumo privado nin do investimento. Esta situación influíu na evolución da actividade industrial, incluída a industria maquiladora. Desta forma, non resultou estraño que a industria manufactureira no seu conxunto rexistrase, ao longo dos dez primeiros meses dese ano, unha taxa de crecemento negativa reflexo en gran parte de que as ramas tiveran, con poucas excepcións, taxas negativas. Malia isto a TIIIE durante o 2003, diminuíu un 27.39% con relación ao 2002.

A gráfica de dispersión amosa claramente a relación entre estas variables, tal e como as presenta a regresión. Os datos corroboran que o interese se move inversamente proporcional ao comportamento do ciclo económico, efecto que se revela na contracción da actividade crediticia ao consumo e á produción. Creando a necesidade de operar con políticas a curto prazo de carácter fiscal e monetario: a inflación moderada convértese nunha necesidade para que se inxecte circulante provocando un efecto imaxinario á necesidade de investir que se reflicte na taxa de interese nominal, ou o que se coñece tamén, diminuír o proceso de incerteza nos investidores.

Gráfica 2



Sempre que ocorra unha diminución do valor da produción material cara o interior dun país isto reflectirase automaticamente nun aumento do interese real, pero se ocorre un aumento do valor da produción material a taxa de interese real diminuíría. Este efecto reflectirase na taxa de interese nominal¹⁷ e a razón está dada porque a taxa de interese nominal depende da taxa de interese real e das variables que teñen que ver co representante legal do diñeiro, polo tanto ter presente a especulación e a política monetaria do país.

Considerando a:

$$i_{\text{nominal}} = f(i_{\text{real}}; \text{política monetaria; variables de especulación}^{18})$$

Cando a taxa de interese real é menor que a taxa de interese nominal ($i_{\text{real}} < i_{\text{nominal}}$), prodúcese un desestímulo ao proceso de mobilización de recursos nominais e reflíctese no proceso de contracción do crédito doméstico. Nunha economía afectada polas desproporcionalidad que se dá internamente entre $M > P \cdot Q = \text{PIB}$, a aplicación de políticas monetarias contractivas unidas aos crecementos baixos da súa produción, tradúcese nun custo social moi elevado.

Nas condicións das economías emerxentes onde as taxas de interese nominal son maiores que nas economías desenvolvidas, podería pensarse que isto estimula o investimento de capital nestas economías. A práctica económica moderna amosa que as economías subdesenvolvidas vense afectadas tanto nos investimentos de portfolio como nos investimentos directos (Ver táboa 1). As taxas de interese máis altas dos países subdesenvolvidos contribúen a acentuar as condicións de dependencia co gran capital internacional e xerando unha insuficiencia de crédito doméstico que imposibilita a procura de procesos multiplicativos do investimento, para a superación das deformacións estruturais que presentan.

Tabla 1 Fluxo de capital en IED e en IEP nas economías emerxentes

	Direct investment, net (Billóns de USD)	Taxa de crecemento anual da IED	Private portfolio flows, net (Billóns de USD)	Taxa de crecemento anual da IEC
2000	148.516		0.005	
2001	169.11	13.87	-29.472	-589540.00
2002	150.637	- 10.92	-39.994	35.70
2003	153.786	2.09	33.332	-183.34
2004	198.703	29.21	67.477	102.44
2005	277.281	39.55	36.744	-45.55
2006	301.084	8.58	-30.736	-183.65
2007	439.348	45.92	106.74	-447.28
2008	479.778	9.20	-70.207	-165.77
2009	334.463	- 30.29	90.412	-228.78
2010	400.922	19.87	224.497	148.30
2011	473.151	18.02	96.712	-56.92
2012	446.321	- 5.67	164.902	70.51
Taxa media anual do 2000 ao 2012		11.62		-49207.86

Fonte: FMI. <http://www.imf.org/external/pubs/ft/weo/2013/01/weodata/weoselser.aspx?c=273&t=1>

Os datos do FMI reflicten como as economías emerxentes e subdesenvolvidas presentan unha taxa negativa nos fluxos de investimento privado de capital de portfolio do —49207.86%, o que significa que estes fluxos son máis dependentes doutras variables, que do tipo de interese das economías. As economías subdesenvolvidas e emerxentes continúan a ter o crédito internacional como a forma principal de financiamento internacional.

VII. O CRÉDITO NA ACTUALIDADE E A SÚA PARTICULARIDADE FUNDAMENTAL

O concepto do diñeiro, expresa na súa evolución interna, a lóxica do desenvolvemento de sistemas de leis económicas da sociedade capitalista e as modificacións que sofren no seu funcionamento interno, provocando modificacións importantes do mecanismo, no que destaca o crédito, o cal inflúe significativamente no funcionamento da economía. O crédito é a forma do capital diñeiro, que se outorga a outra persoa — sexa física ou moral-, en forma de préstamo. O crédito é unha forma de mobilización de recursos monetarios temporalmente libres, que é adiantado para poder xerar un aumento da demanda agregada, permitindo un efecto multiplicativo do investimento.

Marx en “El Capital”, tomo III, sinalaba, que ao outorgarse un crédito o capital que se presta, unha mesma cantidade de capital diñeiro desdóbrase e funciona como capital propiedade en mans do acredor e como capital función en mans do prestatario. Este divorcio entre a propiedade sobre o capital e a súa función condiciona a existencia dos capitalistas monetarios (rendistas, banqueiros, especuladores de bolsa, etc.), que participan da redistribución do valor sen participar directamente na produción social nin no comercio. Por conseguinte o capital de préstamo considérase a forma máis parasitaria do capital, pero necesaria para o funcionamento dos mercados.

Na práctica social o capital de préstamo é unha forma altamente fetichizada, que no seu movemento describe a anticipación de diñeiro e o seu retorno incrementado (D — D’). Esta forma de capital está sempre na forma de diñeiro e en ningún momento adopta nin a forma produtiva nin comercial capital. Polo tanto, o seu nivel de alleamento sempre agacha moi ben a forma de acrecentamento do valor: o diñeiro, como capital préstamo, crece ao comprarse por parte do prestatario co capital monetario recibido medios de produción e forza de traballo. Polo tanto, o capital de préstamo é unha parte segregada do capital industrial, valor que os propietarios do capital ceden a título de préstamo aos empresarios en funcións e que rende interese como forma concreta de excedente, converténdose na forma de adianto fundamental de recursos monetarios para acadar unha acumulación > 0.

A capacidade de endebedamento, na vida moderna, por parte dos empresarios en funcións, potencia en gran medida a rendibilidade dos investimentos, onde a taxa de rencibilidade prevista debe ser máis alta que a taxa de interese sen risco¹⁹. Os investimentos máis apancadas son os máis atractivos sempre e cando o custo do diñeiro continúe a ser o mesmo. Por conseguinte, os elementos máis importantes para influir o nivel de actividade económica constitúeno: o custo do diñeiro e a dispoñibilidade de crédito.

O interese e a dispoñibilidade de crédito son dous aspectos determinantes do ciclo económico. A contracción do crédito determina a duración de recesión ou depresión económica. As liquidacións forzadas de débedas crediticias, provocan un efecto de diminución dos valores de garantía²⁰, diminuíndo o tempo da fase de expansión de ciclo, independentemente de se o crédito se outorga polos bancos ou polos mercados financeiros e se o endebedamento foi contra valores ou contra activos materiais (Soro, G; 1999, p. 12).

A liquidación forzada, observada desde a visión do funcionamento do sistema de leis, é o resultado dunha saturación da demanda de consumo, que amosa a acción e esixencia da tendencia decrecente da cota media xeral de ganancia provocando unha orientación do diñeiro, da esfera da produción á esfera da especulación. Razón que explica claramente o porqué dalgunhas das formulacións expostas no decálogo do “Consenso de Washington” e sen o cal é imposible comprender a orixe das famosas “burbullas inmobiliarias” que explotaron a finais do 2007, na industria hipotecaria estadounidense (Valdés J; 2011; p. 5).

O obxectivo dos investimentos e dos movementos de capital, sostidos polos créditos é a obtención de ganancia aínda que ela ten os seus propios límites físicos, determinada pola participación relativa do traballo vivo na xeración de riqueza: a un maior incremento de investimento en infraestrutura, tecnoloxía e equipo, a parte que crea verdadeiramente a riqueza: o traballo humano, reduce a súa participación xerando con isto unha redución na rencibilidade do capital. Isto pódese contrarrestar cun aumento masivo da produción, pero isto a súa vez require a realización da mesma en mercados limitados. Nestas condicións o crédito entrégase baixo o suposto de que unha vez realizada ou vendida a produción o ciclo poderá continuar.

As limitacións do mercado sustentadas no tamaño das economías nacionais e no da economía mundial constitúen a causa directa que obrigan a buscar parámetros máis aldos que propón a economía real. Este feito induce a un xogo co afán de obter beneficios no vaivén especulativo, máis que ocuparse en desenvolver as forzas produtivas onde se corre o risco de non vender os seus produtos e quebrar por ser incapaz de cubrir as súas débedas. A posibilidade de novos capitais de préstamos permite continuar adiante no funcionamento económico malia o aumento da débeda creando a esperanza de ser posible cubri-la no futuro.

Cando as débedas están baseadas en capital produtivo ou en bens tanxibles hai certa posibilidade de recuperar algo, non obstante, o atractivo de obter diñeiro fácil pola vía da especulación levou a que se destinen recursos cada vez máis amplos ás devanditas actividades. O capitalismo actual presta, inviste, compra e vende en función de papeis que non teñen garantías físicas como papel moeda, outras débedas e a suposición do prezo das hipotecas das casas no futuro.

A voráxine e o nivel de fetichización das relacións sociais é tan grande que as apostas polos devanditos documentos crecen tanto que xeran a imaxinación de que realmente valen o que se paga e se compra por eles pero ante a primeira mala noticia do mundo real o temor dos especuladores por desfacerse dos seus “papeis” é tal que estralan verdadeiros crack bolsistas. Toda fortuna que desvía o capital produtivo á especulación pode desaparecer en cuestión de horas, situación máis negativa se o diñeiro investido é o resultado dun préstamo.

Tal é o caso dos créditos subprime, que ao igual que calquera outro, poden ser negociados polas entidades bancarias con outras empresas, de tal forma que se poden ceder os mesmos a cambio de obter o pago dun interese menor. A vantaxe da entidade financeira ao efectuar a cesión é poder garantirse o cobro do crédito de maneira rápida. As empresas que adquiren créditos subprime tratan de obter un beneficio pola diferenza entre o pagado á entidade financeira e o que efectivamente teñen dereito a cobrar do debedor particular.

Dado que a débeda pode ser obxecto de venda e transacción económica mediante compra de bonos ou titularizacións de crédito, as hipotecas subprime podían ser retiradas do activo do balance da entidade concesionaria, sendo transferidas a fondos de investimento ou plans de pensións. O problema xurdiu cando el inversor (que pode ser unha entidade financeira, un banco ou un particular) descoñecía o verdadeiro risco asumido. Nunha economía global, na que os capitais financeiros circulan a gran velocidade e cambian de mans con frecuencia

e que ofrece produtos financeiros altamente sofisticados e automatizados, non todos os investidores coñecen a natureza última da operación contratada (BANXICO; 2011).


A crise financeira que estalou no 2008, amosou como institucións financeiras e bancarias tiveron que “cancelar” o valor dos activos que mercaran (préstamos hipotecarios de vivendas en EEUU ou bonos que estaban “respaldados” polo valor das hipotecas en EEUU). Citibank 10,000 millóns de dólares; HSBC 5,000 millóns; Merrill Lynch 8,000 millóns e así sucesivamente. Os bancos confesaron unhas perdas de 60.000 millóns de dólares. A gran crise crediticia localizouse máis alá dos EEUU abrangendo a todas as economías industrializadas. A OCDE calculou que as perdas finais da contracción do crédito serían de 300.000 millóns de dólares; mentres outros calculaban unha contracción duns 400-500.000 millóns de dólares, aproximadamente o 1% da produción mundial anual. (Micheal R; 2007, Marxist.com).

VII. TIPOS DE CAMBIO E O COMPORTAMENTO DO CICLO ECONÓMICO

Outro aspecto vinculado conceptualmente ao diñeiro constitúeno os tipos de cambios. Como resultado do esgotamento do Sistema Bretón Woods e a chegada do tipo de cambios flotantes, as políticas cambiarias convertéronse no mundo actual, nun dos tipos de políticas económicas máis significativas, altamente sensibles ás políticas monetarias, e con grande incidencia no comportamento do sector externo das economías dos países que integran o sistema de economía internacional.

A teoría económica define o tipo de cambio nominal como un prezo relativo, é dicir, o prezo dunha moeda expresado no prezo doutra moeda. Tomando en consideración o PIB a prezos constantes de México e Estados Unidos, o concepto asumido do diñeiro e as variacións nos tipos de cambio desde 1992, amosan que toda contracción do PIB na nosa economía máis que proporcional ás variacións do PIB nos Estados Unidos, trae consigo un aumento do tipo de cambio e viceversa, tal e como se presenta porcentualmente no gráfico.

Gráfico 3



Fonte: Estadísticas de Banxico sobre tipo de cambio e de FMI. <http://www.imf.org/external/index.htm>. <http://www.banxico.org.mx/>

Unha ratificación da tese sinalada amósase cos resultados ofrecidos por unha regresión xeral. Onde establecendo unha serie de datos de 20 observacións comprendidas entre o 1992 ao 2012 do PIB que se toma como variable independente e o tipo de cambio medio anual tomado como variable dependente verte a seguinte información:

Análise de regresión xeral: LN (e) versus LN(PIB) mex, LN(PIB)usa

Ecuación de regresión

$$\text{LN (e)} = -22.9981 - 3.62711 \text{ LN(PIB) mex} + 6.16738 \text{ LN(PIB)usa}$$

Coeficientes

EE do

Termo Coef coef. T P

Constante -22.9981 2.16600 -10.6178 0.000

LN(PIB) mex -3.6271 1.23554 -2.9356 0.009

LN(PIB)usa 6.1674 1.24113 4.9692 0.000

Resumo do modelo

S = 0.166557 R-cad. = 88.32% R-cad.(axustado) = 87.02%

PRESS = 0.695295 R-cad.(pred.) = 83.73%

Análise de varianza

Fonte GL SC Sec. SC Axust. MC Axust. F P

Regresión 2 3.77454 3.77454 1.88727 68.0313 0.0000000

LN(PIB) mex 1 3.08954 0.23907 0.23907 8.6180 0.0088372

LN(PIB)usa 1 0.68500 0.68500 0.68500 24.6925 0.0000993

Erro 18 0.49934 0.49934 0.02774

Total 20 4.27389

Polo tanto o concepto de diñeiro considerado como o propio PIB son indicadores que amosan que o tipo de cambio real na economía sempre estará en función da relación do PIB na nosa economía co PIB da economía do resto do mundo:

$$e_{\text{real}} = f(\text{PIB}; \text{PIB}^{*-1})$$

Se:

$$e_{\text{nominal}} = f(e_{\text{real}})$$

Entón o aumento do tipo de cambio nominal está asociado aos procesos de contracción do PIB doméstico, cando as contraccións no resto do mundo son menos que proporcionais ás nosas. É dicir a diminución do diñeiro nunha economía en termos de valor manténdose constante o PIB das economías do resto do mundo trae consigo unha diminución do tipo de cambio real, efecto que se ve reflectido no tipo de cambio nominal.

Pero isto non exime da existencia doutras variables que provoquen un efecto sobre o tipo de cambio nominal. Se observamos o tipo de cambio nominal existen aspectos importantes vinculados ao seu funcionamento como categoría fetichizada: o tipo de cambio nominal como todo prezo relativo é o alleamento monetario do tipo de cambio real, pero o tipo de cambio nominal pode diferir do tipo de cambio real dada a existencia doutras variables que inflúen directamente no seu comportamento, entre as que salientan a oferta e demanda no mercado de divisas, a inflación e o comportamento dos tipos de interese.

Un exemplo desta situación constitúeno as devaluacións competitivas, as cales se converten nunha estratexia nos momentos de contracción. O seu obxectivo básico é abaratar as exportacións e encarecer as importacións para mellorar o saldo da balanza comercial e diminuír a débeda.

No marco da crise actual esta foi unha acción realizada por Estados Unidos en política económica, buscando un proceso de estimulación da súa economía. Ao baixar o prezo do USD, non só pode impulsar as exportacións e o mercado interno (e mellorar a situación do emprego) senón que ademais axúdao a soportar a débeda co resto do mundo, a cal na maioría dos casos está en dólares. Polo tanto os países posuídores de dólares como México, China, Xapón ou Brasil veranse afectados por unha diminución no valor das súas reservas en dólares.

A devaluación do dólar é un proceso de especulación o xogo de casino no cal Estados Unidos traslada a crise aos seus socios comerciais, cos perigos de que esta vez os socios comerciais non estean en condicións de absorber unha crise dado que xa teñen unha moi fonda. Esta devaluación do dólar provocará un fortalecemento do euro, amosando ao circulante europeo como unha moeda forte, aspecto que a vincularía automaticamente coa especulación financeira e a creación de burbullas, as que se orixinaron desde outubro de 2000 a abril de 2008.

O proceso de devaluación do dólar aspira tamén a outro ansiado tema monetario que é o de xerar inflación para crear as condicións do necesario impulso á alza da taxa de interese nominal. As taxas de interese case en 0 e vivindo en plena trampa de liquidez, a economía está empantanada nun curso deflacionario onde se postergan as decisións de consumo e investimento dado que mercar ou investir mañá será máis rendible e barato que mercar ou investir hoxe. Se se xera un impulso inflacionario da orde do 4 a 5%, as decisións de consumo e investimento adiántanse para o presente dado que o presente “faise máis barato”.

O problema da devaluación de rumbo é que hoxe todo o mundo está en crise e cada país quere ter a vantaxe fetichista do diñeiro barato para superar os seus problemas. É unha guerra de divisas na cal ninguén está a salvo. Esta é unha medida perigosa para Europa e para os países periféricos.

VIII. CONCLUSIÓN

O diñeiro é, sen lugar a dúbidas, un dos problemas actuais que máis ocupa á teoría económica internacional, pola súa posición no contexto da globalización, aspecto que se volveu máis significativo coa actual crise que se vive a nivel de sistema desde o 2008 e onde os problemas especulativos que se xeraron dos chamados créditos subprime foron significativos.

É imposible un deseño de políticas económicas públicas, na actualidade, sen unha comprensión atinada do diñeiro na súa xeneralidade e a súa relación esencia-formas de manifestación. O mellor deseño de política monetaria é un deseño de política industrial de economía aberta que permita un crecemento do valor da produción sustentado nun efecto cara dentro da economía de consolidación das MIPYMES e facer accesible o aproveitamento da cadea de valor das empresas multinacionais para assimilar as novas tecnoloxías e o incremento dos niveis de eficiencia.

O diñeiro continúa a ser un equivalente universal, por conseguinte segue a estar condicionado historicamente. Non existe o diñeiro se non que é ante todo unha mercadoría, pero a fetichización do diñeiro faise máis complexa no marco das relacións sociais capitalistas. Este proceso dá a aparencia dunha maior interdependencia entre o mundo da produción material e as finanzas, cando en realidade as interconexións entre ambos os dous aspectos da economía son cada vez maiores. Estudiar o nivel de fetichización actual do diñeiro permítenos sinalar tres aspectos de interese teórico— práctico:

- os procesos inflacionarios son un problema monetario. Porén a mellor forma de combater a inflación é mediante a elevación da eficiencia da produción material mantendo constante o nivel de circulante en mans do público.
- a ampliación da produción material expande a base monetaria e provoca un efecto de redución da taxa de interese. Este efecto debe traer consigo un proceso de estimulación do crédito doméstico contribuíndo a un fortalecemento interno do proceso de acumulación do capital.
- os problemas cambiarios están altamente relacionados co comportamento do ciclo económico. Polo tanto non pode existir estabilidade cambiaria a longo prazo se non se presta atención aos problemas de industrialización.

IX. BIBLIOGRAFÍA

- APPLEIARD Field (1997) "International Economics". Ed. Mc Graw Hill. México.
- D. LEVI Murice (2001) "Finanzas Internacionales", Ed. Mc Graw Hill. México.
- DORNSBUSCH R. (1993) "Macroeconomía de una economía abierta. Ed. Antoni Bosch, España.
- EUN AND RESNICK (1998) "International Financial Management." Ed. Mc Graw Hill. México.
- HULL, Jonh, (2009) "Introducción a los Mercados de Futuros y Opciones". Ed. Perarson/Prentice Hall, México.
- KRUGMAN, P (2007) "Introducción a la Economía: Macroeconomía". Ed. Reverté. España.
- MARX Carlos (1943) "El capital: crítica de la economía política" Tomo I Sección I. Ed. Fondo de Cultura Económica, México.
- SAMUELSON P, Nordhaus, D. (2010) "Economía: con aplicaciones a Latinoamérica" Ed. McGraw-Hill, México.
- SOROS George, (1999), "El sistema capitalista global" <http://www.economia.unam.mx/profesores/eliezer/soros.pdf>
- VALDÉS, J (2011) "Diario de una crisis: una muestra de un mundo globalizado". Editorial Académica Española. España.
- VALDÉS, J. (2012) "Análisis Microeconómico para Administradores". Editorial IBERO México.

NOTAS

1. O seu fundamento mantíña unha identificación co concepto do diñeiro como mercadoría.
2. Un commodity é un produto ou ben polo que existe unha demanda no mercado e comércianse sen diferenciación cualitativa en operacións de compra e venda.
3. Cómpre sinalar que aínda que se ten puntos de partida metodolóxicos diferentes entre Marx e Keynes moitas das propostas teóricas deste último poden ser deducidas dos modelos da reprodución de Marx, porén, cómpre considerar que as propostas deste último presentan unha construción conceptual de categorías sustentadas en bases socioeconómicas, mentres que Keynes as presente desde unha posición técnico-económica.
4. O concepto de activo financeiro na economía moderna describe unha forma concreta de ben económico, que só existe nos mercados financeiros.
5. No manual a que hacemos referencia, la liquidez se refiere á medida en que pueden venderse los activos financieros a su pleno valor de mercado, o a un valor muy próximo, nun plazo breve.
6. Cómpre salientar que dentro da teoría marxista clásica o método lóxico considérase un método histórico sen que se teñan en conta as contingencias perturbadoras que contén a historia e que pode entorpecer con feitos non significativos o estudo dos procesos e fenómenos.
7. C. Marx. “El Capital” tomo I (1972), deixa claro cales son as formas lóxicas históricas que permiten analizar a evolución e desenvolvemento das formas do valor de cambio: forma simple ou fortuita; forma total ou desenvolvida; forma xeral e forma diñeiro. No seu estudo Marx sinala que o paso da forma I á forma II e desta á forma III entraña cambios substanciais, pero considera que da forma III á IV non existen grandes cambios, só que o ouro pasa a converterse en equivalente universal. Fondo da Cultura Económica. México p. 14-36.
8. A confianza internacional no valor da moeda ou incapacidade do sistema para dar solución conxunta ao problema de liquidez e ao de confianza. O dilema de Triffin anticiparía que o resultado final sería que cando os pasivos exteriores norteamericanos se tivesen feito demasiado abundantes, os bancos centrais dos demais países empezarian a converter os dólares en ouro ao prezo fixo de 35USD a onza, o que ao reducir as reservas de ouro norteamericanas destruíriáanse os fundamentos do propio sistema e faríao finiquitar.
9. As aceptacións bancarias, por definición, son a letra de cambio (ou aceptación) que emite un banco en respaldo ao préstamo que fai a una empresa. O banco, para fondearse, coloca a aceptación no mercado de débeda, grazas ao cal non se respalda nos depósitos do público.
 - Valor nominal: \$100 pesos.
 - Prazo: vai desde 7 ata 182 días.
 - Rendemento: fíxase con relación a una taxa de referencia que pode ser CETES ou TIEE (taxa de interese interbancaria de equilibrio), pero sempre é un pouco maior porque non conta con garantía e implica maior risco que un documento gubernamental.
10. A teoría da valía subxectiva, formulada pola escola austríaca, postula que a valía reside na utilidade da mercadoría.
11. A presentación e fundamentación que derivamos do enfoque deste autor está totalmente fundamentada cando afirma: “O problema é que, no mundo real, os valores non están dados. Nunha sociedade aberta, as persoas son libres de elixir por si mesmas pero non saben necesariamente o que desexan. En condicións de cambio acelerado, cando as tradicións perderon o seu poder e as persoas vense acosadas por suxestións desde todas as partes, os valores de cambio poderían chegar a substituír perfectamente aos valores intrínsecos.”
12. Cómpre salientar que a teoría de Marx, ao constituir o valor unha ración social de produción, que constitúe unha forma de organización das forzas produtivas sociais, sempre existe unha obxectividade conceptual da cal non podemos separar o concepto do diñeiro se consideramos que el é un resultado da evolución desta relación social.
13. En Marx o novo valor creado represéntase desde unha posición clasista como V+P. Este concepto é equivalente en economía moderna ao concepto de PIB, razón pola que substituímos V+P = PIB. Ver, Valdés J. “Releyendo la Teoría económica de Marx” (p.10-11).
14. Para poder comprender esta afirmación cómpre ver os “Modelos de Reprodución del Capital Social”, que parecen expostos no tomo II de “El Capital” escrito por Marx. Neste escrito afirmase que o valor da produción material é igual produto social global (PSG), o cal se desglosa en $c + v + p$; onde c , é o capital constate, unha cantidade igual ao valor materializado nos medios de produción, mentres que $(v + p)$ é o novo valor creado. Desde esta concepción clasista entón o PIB sería igual $(v + p)$.
15. Ms/P a cantidade de diñeiro ofertada emprégase nesta expresión para facela análoga á que emprega a economía moderna de oferta monetaria real.
16. Oferta agregada
17. A taxa de interese nominal calcúlase tomando como base a taxa LIBOR (London Interbank Offer Rate). A taxa LIBOR é a encargada das transferencias interbancarias, ela calcúlase sobre a base das medias das taxas de préstamos nas moedas respectivas dos seis bancos líderes de Londres e que pode ser vista nas páxinas financeiras de calquera diario especializado a nivel mundial.
18. Son cada vez máis presentes como resultado da profundización do fetichismo mercantil ou cousificación das relacións sociais de produción.
19. Condición necesaria para que se poida realizar o investimento, baixo outras condicións non se realiza, dado que non existe marxe de beneficio positivo sobre o endebedamento.
20. Títulos valores que se entregan como garantía do cumprimento dunha obrigan para coa sociedade onde se depositan. O Plan Xeral de Contabilidade reserva unhas partidas pertencentes ao grupo das contas de orden especiais, onde se leva a contabilidade destes valores depositados.